
O BOLERO DE RAVEL

Texto de JOSÉ ANTONIO ABAD VARELA

Ilustracións de FEDERICO DELICADO

Música de MAURICE RAVEL

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 42 páx. 16 €.

O Bolero de Ravel (galego)

ISBN 978-84-1343-039-3. Libro musical.

El Bolero de Ravel (castelán)

ISBN 978-84-1343-040-9. Libro musical.

Ravelen Boleroa (euskara)

ISBN 978-84-9172-194-9. Liburu musikala.



O Bolero de Ravel (português)

ISBN 978-989-749-134-4. Livro musical.

*Un amencer de domingo, o quiosco da música
apareceu engalanado. Portas e ventás abríanse lentamente
aquela mañá de primavera. A tarde anterior, chegara á vila
un gran camiión cargado de instrumentos musicais.
Eran os da orquestra invitada...*

O Bolero é a obra máis famosa e interpretada de Maurice Ravel, a quen llo encargou a bailarina e mecenas rusa Ida Rubinstein, icona da *belle époque*. Considerado un exercicio depurado de virtuosismo orquestral, estreouse en París en 1928, na Ópera Garnier. José Antonio Abad traza, a partir desta melodía, un engaiolante relato que, como as notas dunha partitura, vai presentando os músicos -con cadanseus instrumentos- dunha orquestra moi especial.

As sorprendentes ilustracións de Federico Delicado -cuxos protagonistas son animais humanizados pertencentes a especies en perigo de extinción- transpórtannos a un escenario urbano como asistentes de luxo a un concerto memorable que, ademais de música, tamén nos envolve con luz e colorido.



- **Temática:** concerto de música clásica.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** cultura musical: estilos, tipos de instrumentos, orquestras, concertos; fauna en perigo de extinción; contén códigos QR con propostas de audición do Bolero de Ravel; outros títulos da colección de Música Clásica: «[As catro estacións: Vivaldi](#)», «[O carnaval dos animais: Saint-Saëns](#)», «[Cadros dunha exposición: Mussorgsky](#)»; do autor de «[Ícaro](#)» (VII Premio Compostela) e ilustrador de «[Unha longa viaxe](#)», «[O neno bisesto](#)» e «[Mundinovi](#)» (VIII Premio Orihuela de Poesía, KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-bolero-de-ravel-g>

José Antonio Abad Varela

(A Coruña, 1940)

Psicólogo e pedagogo, especialista en proxectos educativos. Dirixiu o Departamento de Divulgación da Música na Orquestra Sinfónica de Galicia. Organizou o Programa Municipal *Descubrir a música* do Concello de A Coruña, os *Domingos con música* do Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa e concertos didácticos en varias cidades.

Federico Delicado

(Badaxoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense. En 1980 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e escultura. Publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil. Entre as distincións que recibiu destaca o VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Ícaro», que tamén figura nas listas de honra The White Ravens 2015 e IBBY (ilustración) 2016 e 2020.

Maurice Ravel

(Ciboure, 1875 - París, 1937)

Iniciado na música desde neno, formouse no conservatorio de París, onde tivo os mellores profesores: Fauré, Gédalpe... Foi, xunto con Debussy, un dos maiores expoñentes da música impresionista francesa. En 1928 desenvolveu unha serie de concertos polos Estados Unidos, onde se interesou polo jazz. Chegou a compoñer máis de 32 obras. O Bolero é unha das pezas musicais máis coñecidas no mundo.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
